

RASTROS, TEMPO, MEMORIA...

Sorprende gratamente este *O pouso do fume*, de Dorcas Tembrás (Bergondioño, A Coruña, 1979), doutora en Filoloxía Hispánica e especialista na obra poética de Alejandra Pizarnik, tanto pola modulación intensamente reflexiva que encerra, este que é o seu primeiro libro poético, como pola inequívoca intención de presentarse cunha voz singular que se apropie dunha estética particular e fiel a si mesma, gobernada tanto pola sobriedade expresiva como pola elegancia e contención emotiva que exhiben os seus versos.

Prologado con luminosidade pola crítica literaria Teresa Seara, estes versos transparentan un proceso de estilización ou de filtrado que os converte de seu nunha proposta na que o lector se achega en primeira instancia, inevitable e pasenío, á memoria, particular e colectiva, de todo aquilo que queda, do que nos queda, dese pouso que é presenza e mais sentir.

A través, así pois, de tres procesos

—oxidación, combustión e, finalmente, pouso— Tembrás reconstrúe, mergullando e esculcando nos ecos silenciosos desa marca do fogo, o que se perdeu, pero que revive ao ser lembrado, se cadra para recoñecerse nel e non extraíalo de vez. Nesa dinámica son as palabras e a escrita o primeiro mecanismo no que se repara para tal fin e, por medio de numerosas imaxes visionarias, a infancia ou infancias deveñen en espazos máis alá do físico e paisaxístico adquirindo unha categoría epifánica, evocada por veces a través dunha instantánea cicelada con atención e que escoa vertixinosamente pero con afán de perdurabilidade, tal é a potencial diversidade de matices que os poemas encerran e que permiten establecer moi desemeillantes lecturas.

Xustamente é aí, nesas infancias recreadas, onde rexorden as vivencias do universo rural, e con elas a autora oficia de arqueóloga honesta que desempoa eses tempos idos

Dorcas Tembrás
O POUSO DO FUME



ESPIRAL MAIOR
BIBLIOTECA

POESÍA

«O pouso do fume»

Dorcas Tembrás.
Espiral Maior. 80
páxinas. 15 euros.

articulando un rodopio de espazos, persoas, sensacións, recendos e experiencias, mais tamén desvelando a potencialidade que os obxectos cotiáns e domésticos poden atesourar como depositarios dun diáfano simbolismo.

Con todo, ben se sabe que se tripa un camiño cheo de perigos dos que, tal vez pola postura de distanciamento, que non exenta de emoción, desde a que a instancia autorial se inscribe, se sae indemne para poder dirixir unha ollada limpa: «o pasado regresa cheo / de trampas adorábeis / elaboradas con premeditación e aleivosía». Neste *O pouso do fume*, ademais, para unha vontade que exhibe un sentimento de rebelión contra o inexorable paso do tempo que arestora se quere apreixar, de mans dadas cunha intención que quere recoñecerse nunha sorte de «experiencia da dor». Por todo isto, sen dúbida, e por outras argumentacións, este é un gran libro.

Ramón Nicolás